XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 7 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do PSdG-PSOE contra a Xunta de Galicia e o presidente da Xunta de Galicia, don Alfonso Rueda Valenzuela, polo envío de tarxetas "*carné +65*" e misivas anexas por posible infracción dos artigos 50.2, 50.3 e 53 LOREX, requirindo a imposición da obriga de non emisión de comunicacións semellantes e a imposición de sancións tendo en conta a reiteración de infraccións (doc. RE 407/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 4 de febreiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE formaliza unha denuncia (doc. RE 407/2024) na que sinala que "*nos últimos días, e por tanto, no período comprendido dende a convocatoria das devanditas eleccións e a súa celebración, recibimos numerosas comunicacións por parte de cidadáns, manifestando que recibiran nos seus domicilios unha tarxeta, denominada "carné+65" xunto cunha comunicación*".

   Indica tamén que "*pola propia comunicación, queda claro que non está en funcionamento na actualidade. O cal supón unha clara utilización publicitaria non permitida en período de campaña electoral, cunha única finalidade, que non é outra ca de obter apoios electorais. Esta actuación é cunha clara intención de captación de sufraxios a favor do candidato do Partido Popular de Galicia, que actúa como presidente da Xunta, infrinxindo así o principio de neutralidade electoral que debe inspirar a actuación dos poderes públicos.*".

   Finaliza a denuncia solicitando que a imposición "*da obriga de non emisión de mais comunicacións do tipo da denunciada*" xunto coa "*imposición das sancións legalmente previstas*".

2. O 6 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias copia da denuncia (RS 989/2024), aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento ao representante xeral do PSdG-PSOE (RS 990/2024).

3. O mesmo 6 de febreiro de 2024, a asesoría xurídica da Xunta de Galicia formulou escrito de alegacións (doc. RE 425/2024), no que aduce ”*que a denuncia crea o equívoco de que a actuación denunciada representa unha actuación ex novo, coincidente coas eleccións autonómicas ou deseñada expresamente en contemplación a elas. Sen embargo, debemos poñer de manifesto que a actuación xa ven prevista nos orzamentos aprobados pola Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, onde ver recollida como “Tarxeta Senior” (Código de proxecto 2023-00147).*

   A iniciativa foi anunciada polo presidente da Xunta de Galicia no Debate do Estado da Autonomía, o 9 de outubro de 2023.

   Deste entón, a Xunta de Galicia estivo traballando na posta en marcha deste programa para que o antes posible os seus usuarios puideran beneficiarse dela.”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A presente denuncia esixe abordala en dúas partes diferenciadas:

Primeira. – Relativa ao envío e recepción do carné +65. Pois ben, en relación ao envío do “*carné+65*” as persoas maiores de 65 anos residentes en Galicia, se entende que no presente caso, non se aprecia que os feitos denunciados vulneren a lexislación electoral posto que falta o contido electoralista para a súa estimación polos seguintes motivos:

1. Non cabe apreciar vulneración do artigo 50 da LOREX na medida en que queda acreditado que o programa *carné+65* estaba previsto nos orzamentos aprobados para o ano 2023, Tarxeta senior, código 2023_00147.

2. Por outra parte, o programa para a súa posta en marcha requiriu aprobación de bases, deseño de imaxe e xestións cos potenciais establecementos e empresas que estivesen interesados en adherirse ao mesmo, actuacións que, segundo declara a Xunta nas súas alegacións, foron realizadas con anterioridade a data da convocatoria das eleccións, que tivo lugar polo decreto 150/2023, do 25 de decembro.

3. Así mesmo o letrado da Xunta de Galicia declara que o envío aos seus beneficiarios comezou a realizarse o día 22 de decembro de 2023 e polo tanto os primeiros envíos foron anteriores ao decreto de convocatoria de eleccións.

Entende polo tanto esta xunta electoral que atendidas as anteriores circunstancias non tería sido posible a súa suspensión sen ocasionar un quebranto naqueles maiores de 65 que no momento da convocatoria non tivesen recibido o carné, e polo tanto quedarían privados de beneficiarse de descontos e vantaxes nos establecementos adheridos ao programa fronte aqueles outros aos que xa se lle tivese remitido o carné.

Segunda.- A segunda parte é a relativa á carta da que se acompaña a remisión do "carné+65". Neste punto, esta xunta electoral entende que carece do contido electoralista denunciado, xa que a mesma ten carácter informativo, sen que poida considerala campaña de logros por limitarse a recoller a información básica para o seu correcto uso polos destinatarios, polo que, nos termos en que aparece redactada, a xuízo desta xunta non resulta contraria ao artigo 50.2 LOREX nin á Instrución 2/2011, na medida en que se cingue a proporcionar a información necesaria sen incluír connotacións electoralistas nin alusións as realizacións do goberno.

E como reiteradamente ten indicado a XEC, os períodos electorais non interrompen as actuacións dos poderes públicos, posto que o que se prohibe na lexislación electoral é o emprego destes actos para realizar campañas de logros ou para introducir connotacións electoralistas, o que non se aprecia que teña sucedido no presente caso.

Á vista do que antecede adoptase o seguinte

ACORDO

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 19:00 horas do próximo día 8 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal